

## DOCUMENTO DE INFORMACIÓN DA SUBVENCIÓN Á TRABALLADORA

Entidade

Código de procedemento: SI461B

N.º de expediente: 2023/

Dña .....

Infórmolle que a contratación temporal formalizada con vostede o día ..... de ..... de 2023 está subvencionada pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciadas con polo Fondo Social Europeo Plus no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI461B).

Ademais, a traballadora manifesta que no momento da contratación, cumpre os requisitos da Resolución do 15 de xuño de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG n.º 122 do 28 de xuño de 2023), estando inscrita como demandante de emprego ou de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Indico, que como traballadora contratada son coñecedora e consinto explicitamente a cesión dos meus datos á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade -Secretaría Xeral da Igualdade -da Xunta de Galicia para os únicos efectos do cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, así como na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas da Xunta de Galicia.

### Exercicio de dereitos

A interesada poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Contacto delegado de protección de datos e máis información en: <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Lugar e data

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

A TRABALLADORA

Asdo

Asdo